

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de xaneiro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de xaneiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(41).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 5 de xaneiro de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(42).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes sentenzas remitidas por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 192/2011 P.A. Demandante: MARÍA-SOLEDAD IGLESIAS COMESAÑA. Obxecto: Resolución do 7.4.11 sobre reclamación patrimonial (Expte.: 1877/243) Desestimado o recurso.

- b) Sentenza do TSXG no rec. Apelación 3/7069/2011, interposto por M<sup>a</sup> NIVES CANCELAS MARTÍNEZ contra Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 293/2010 P.O. sobre reclamación patrimonial (Expte.: 1296/243). Parcialmente estimatoria. Contía: 34.872,50 €
- c) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 180/2011 P.A. Demandante: CONTENUR S.L. Obxecto: Resolución do 26-6-2009 sobre reclamación patrimonial (expte.: 1940/243) Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 229/2011 P.A. Demandante: ANTONIO-IVÁN LEIRO MARTÍNEZ. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial (Expte.: 2914/243). Estimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 201/2011 P.A. Demandante: JULIO MARTÍNEZ PÉREZ. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (Expte.: 2699/243). Desestimado o recurso.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 233/2011 P.A. Demandante: ESTHER BUENO REY. Obxecto: Resolución do 7.7.011, sanción de tráfico (Expte.: 108687419) Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 182/2011 P.A. Demandante: ASCENSIÓN GONZÁLEZ TEO. Obxecto: Resolución do 5.4.2011 de reclamación de responsabilidade patrimonial (Expte.: 2700/243). Estimado parcialmente.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 234/2011 P.A. Demandante: PURIFICACIÓN ÁLVAREZ BASTOS. Obxecto: Resolución do 16.6.11 sobre reclamación patrimonial. Expte.: 2371/243. Desestimado o recurso.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 312/2011 P.A. Demandante: MIGUEL-ÁNGEL CARRERA ARESES. Obxecto: Resolución do 22.8.2011 de reclamación de responsabilidade patrimonial (Expte.: 2747/243). Estimado o recurso.
- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 178/2011 P.A. Demandante: ROBERTO SANTIAGO GAYOSO PÉREZ. Obxecto: Resolución do 22.8.2011 de reclamación patrimonial (Expte.: 2827/243) Desestimado o recurso.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 194/2011 P.A. Demandante: ANTONIO SOTELO FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do TEA do 24.7.11. Dilixencia de embargo por sanción de tráfico. Expte.: 2407/550. Desestimado o recurso.
- m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 351/2011 P.A. Demandante: AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGU-

ROS. Obxecto: Desestimación presunta e expresa serodia de reclamación patrimonial (Expte.: 3018/243). Desestimado o recurso.

n) Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 362/2011 P.A. Demandante: JOSÉ-ANTONIO PRESAS CAMPO. Obxecto: Resolución do TEA - Providencia de constrinximento sanción de tráfico (Expte.: 2637/550). Desestimado o recurso.

o) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 243/2011 P.A.Demandante: NIEVES FERNÁNDEZ PÉREZ. Obxecto: Resolución do 18.10.11 sobre reclamación patrimonial (Expte. 2790/243). Estimado parcialmente o recurso.

p) Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 282/2011 P.A. Demandante: ADOLFO RODRÍGUEZ BUSTO. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial (Expte.: 3228/243). Estimado parcialmente o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **3(43).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O MES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2011. EXPTE.70350/301.**

Mediante escrito de data 10.01.12, en cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Benestar Social no mes de novembro e decembro de 2011, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
26/12/11	COMBUSTIBLES E CARBURANTES	2210300	201100089036	4.000,00	VIARIOS
30/11/11	FESTA NADAL SAF	2260902	201100081122	4.000,00	CLECE, S.A.
21/12/11	ACTO CLAUSURA PROGRAMA AVELLAMENTAMENTO ACTIVO	2260902	201100087420	1.400,00	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES
21/11/11	ADQUISICIÓN COLUMPIO ACCESIBLE	2260907	201100078321	1.347,56	HAGS-S WELEK,S.A.
22/12/11	PROGRAMA VIA , 16 A 31/12/12	2260909	201100087585	3.860,64	EMAUS FUNDACIÓN SOCIAL
04/11/11	DESEÑO, ADAPTACIÓN LOGOTIPO CONCELLERÍA	2279900	201100074389	287,63	ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.

08/11/11	ASESORAMENTO E SUPERVISIÓN SERVIZO BENESTAR SOCIAL	2279900	201100074981	6.800,00	CARLOS GULLEN
09/11/11	PROGRM. PLDA MAIS QUE UN TEITO	2279908	201100075019	950,00	ERGUETE
09/11/11	PROGR. PLDA INFORM. E SENSIBILIZACIÓN	2279908	201100075505	7.200,00	ERGUETE
14/11/11	PROGR. PLDA MAIS QUE UN TEITO	2279908	201100076423	2.300,00	ALBORADA
16/11/11	PROGR. PLDA PREVENCIÓN	2279908	201100077364	3.960,00	ALBORADA
22/12/11	VIXILANCIA E LIMPEZA MARQUES DE VALTERRA, 15 A 31/12/11	2279909	201100087620	5.640,68	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
22/12/11	XESTIÓN E ORGANI. CAMPAÑA FRÍO DO 15 ATA 31/12/12	2279909	201100087621	4.807,05	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
29/12/11	XESTIÓN ATENCIÓN NOCTURNA E ACOMPAÑAMENTO CAMPAÑA FRÍO	2279909	201100090299	19.439,22	ATENCIÓN SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
20/12/11	CATERING PLENO INFANTIL	2279915	201100086048	443,25	DELMIRO VIDAL FERNÁNDEZ
20/12/11	ORGAN. REPORTAXE FOTOGRÁFICO PLENO INFANTIL RE	2279915	201100086049	1.312,16	AGUA DE MAYO MARKETING, S.L.
16/11/11	5 OBRADOIROS ACOLLIDA	2279917	201100077363	7.896,00	MARCELA CLAUDIA D'AMBROSIO
23/12/11	OBRAS IMPERMEABILIZACIÓN E ADAPTACIÓN ASEOS MARQUES VALTERRA, 6	6320001	201100088498	58.656,93	COLOCADORA PRODUCTOS IMPERMEABILIZACIONSES, S.L.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **4(44).-PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA AXUDA PARA O PROXECTO “SUM (SUSTAINABLE URBAN MOBILITY)” APROBADA POLO MONITORING COMMITTEE DO INTERREG IVC. EXPTE. 8711/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*O proxecto “SUM (Sustainable Urban Mobility)” aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 23/03/2011 e presentado polo Concello de Vigo ao programa Interreg IV C, pretende impulsar a implementación de políticas rexionais/locais en materia de mobilidade sostible, tratando de minimizar tres das graves problemáticas:*

- *As emisións de CO2 que provocan o efecto invernadoiro.*
- *A dependencia enerxética que nos posiciona ante escenarios de alta inestabilidade económica e política*
- *A contaminación das cidades que leva consigo serias consecuencias para a saúde e a calidade de vida.*

*Coa finalidade de conquistar estes obxectivos operativos establecéronse os seguintes parágrafos:*

- a) Favorecer o intercambio de coñecemento e a reflexión conxunta sobre as prácticas rexionais de promoción da mobilidade sostible, creando un maior coñecemento no ámbito da mobilidade urbana sostible.*
- b) Potenciar que as rexións con menos experiencia en temas de novos modos de transporte máis respectuosos co medioambiente traballen conxuntamente con rexións máis avanzadas neste campo, aproveitando os seus coñecementos e saber facer.*
- c) Identificar as prácticas máis efectivas para conseguir que a cidadanía adopte comportamentos e hábitos máis sostibles en materia de mobilidade urbana, analizando as campañas sensibilización e información, as alternativas de transporte sostible existentes e as vantaxes que lle achegan á poboación.*
- d) Concretar nun Plan de Implementación as actuacións necesarias para poñer en práctica en cada rexión as experiencias e coñecementos alcanzados mediante a participación no programa.*

*Integran este consorcio as seguintes entidades:*

- Concello de Vigo (España) como lider e coordinador do proxecto*
- Concello de Messina (Italia)*
- Concello de Reggio Calabria (Italia)*
- Concello de Reggio Emilia (Italia)*
- Concello de Riga (Letonia)*
- Concello de Katowice (Polonia)*
- Concello de Vratsa (Bulgaria)*
- Concello de Sofía (Bulgaria)*
- Concello de Amiens (Francia).*
- Condado de Essex (Reino Unido)*
- Asociación de Autoridades Locais de Skåne (Axencia de enerxía) (Suecia)*
- Axencia de enerxía do sueste de Suecia (Suecia)*
- Axencia rexional de enerxía e medioambiente no Algarve (Portugal)*
- Axencia rexional de enerxía de Pazardjik (Bulgaria)*
- Axencia rexional de xestión de enerxía - Rexión de Murcia (España)*

*As actividades centrais do proxecto enmárcanse no CP3, mediante o desenvolvemento destas preténdese alcanzar o obxectivo principal do proxecto:*

*O intercambio de experiencias e coñecementos para promover e consolidar modos de transporte urbano sostible, destacando as potencialidades do uso do vehículo eléctrico.*

*Ademais do intercambio se considera a realización de: Estudos Rexionais, Seminarios Temáticos, Visitas Interrexionais, Foro Interrexional, e Local Meeting para a elaboración do Plan de Implementación*

*As actividades CP1 e CP2 son transversais ao desenvolvemento do proxecto, e teñen como fin garantir a óptima execución e difusión do proxecto.*

*Os principais OUTPUTS previstos son os seguintes:*

- 7 eventos interrexionais organizados para o intercambio de experiencia*
- 210 participantes neses eventos interrexionais*
- 15 boas prácticas identificadas*
- 15 políticas e instrumentos rexionais/loais abordados*
- 15 plans de implementación desenvolvidos*
- 40 Press Articles distribuídos*

- 4 newsletters creados e 12.000 copias de newsletters distribuídas
- 1 evento de difusión organizado

Tendo en conta estas accións os principais RESULTADOS esperados son os seguintes:

- 30 persoas dos socios con incremento das súas capacidades resultantes do intercambio
- 15 políticas e instrumentos rexionais/locais mellorados
- 80 artigos/aparicións en prensa e medios
- 250 participantes no evento de difusión
- 300 visitas mensuais á páxina web.

O programa Interreg IVC, establece entre as súas condicións unha financiación en función das competencias establecidas no programa, e no caso do Concello de Vigo como líder do proxecto que pretende converterse nun referente a nivel europeo na promoción do vehículo eléctrico tanto no relacionado co uso público como no privado.

Os custes totais do proxecto son total a asumir entre todos os participantes no proxecto supoñen unha cantidade total de 1.688.511,74 € dos que 248.540,00 euros corresponden ás accións do Concello de Vigo explicitadas na memoria do proxecto, cantidade na que o 75,00% son asumidas pola aplicación INTERREG IVC (ERDF Norgewian) e o 25,00 % son asumidas polo Concello.

O Monitoring Committee na xuntanza celebrada os días 15 e 16 de decembro de 2011 en Warsaw/Polonia, acordou aprobar provisionalmente o proxecto presentado polo Concello de Vigo co número de referencia 1095R4 SUM PROJECT, e rexistrado no Concello de Vigo co número 120002793.

Na comunicación de aceptación do proxecto establecíanse as seguintes condicións:

1. Reducción dun 5,00 % no importe total do proxecto.
2. Adecuación do proxecto ás consideracións feitas no documento 1095R4\_Conditions Form.
3. Asistencia ao seminario do Concello de Vigo como socio principal do proxecto que se celebrará os vindeiros 23 e 24 de xaneiro en Copenhague.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aceptar a axuda aprobada polo Monitoring Committee do Interreg IVC do proxecto 1095 SUM PROJECT.

2º.- Encomendar ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego o desenvolvemento das seguintes accións:

1. Adaptar o proxecto a redución do 5,00 % solicitada.
2. Adecuar o proxecto ás consideracións feitas no documento 1095R4\_Conditions Form.
3. Autorizar a asistencia ao seminario do Concello de Vigo como socio principal do proxecto que se celebrará os vindeiros 23 e 24 de xaneiro en Copenhague, do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(45).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CONDE S.A. POR OBRAS NA AVDA. FLORIDA 19. EXPTE. 65167/250.**

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro-xefe de Vías e Obras, do 11.01.12, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

*Con data 23/09/2009 autorizouse a Construcciones Conde, S.A. a instalación dun valo de obra na Avda. Florida, 19 ( Expte. 59646/250 ) constituíndo unha fianza por importe de 3.000,00 euros.*

*En data 18/10/2011 Construcciones Conde, S.A. solicita a devolución do aval depositado.*

*En data 25/10/2011 o inspector de Vías e Obras emite informe desfavorable por non estar a vía pública en condicións favorables para a súa recepción, polo que notifícaselle a empresa responsable para que procedan ao arranxo dos desperfectos sinalados polo inspector.*

*En data 13/11/2011 Construcciones Conde, S.A. comunícanos que procederan á subsanación das anomalías expostas.*

*En data 19/12/2011 o inspector de Vías e Obras emite informe indicando que o pavimento quedou en perfecto estado de conservación.*

*Polo dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Proceder á devolución do aval presentado por Construcciones Conde, S.A. por importe de 3.000,00 euros ( tres mil euros ).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devolución do aval presentado por Construcciones Conde, S.A. por importe de 3.000,00 euros.

**6(46).-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE). Expte. 5351/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 16.01.11, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a concellería de Igualdade por un importe total de 67.000,00 €, en base ao disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da Igualdade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (DOG nº 7 do 11 de xaneiro de 2012), distribuído do seguinte xeito:

Programa de coeducación. Orzamento: 17.926,00 €. Axuda solicitada: 6.000,00€

Programa de asistencia psicolóxica a fillos e fillas de mulleres maltratadas. Orzamento: 9.866,30 €. Axuda solicitada: 4.000,00€.

Servizo de atención domiciliaria á Infancia. Orzamento:123.825,00€. Axuda solicitada: 12.000,00€

Axuda ao mantemento de emprego estable do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Orzamento: 167.983,11 €. Axuda solicitada: 45.000,00€

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da concellería de Igualdade a financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte subvencionado para a súa completa realización.

3º.- Designar á xefa do servizo municipal de igualdade Dña. Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade que se desprenden da convocatoria do 4 de xaneiro de 2012 e das bases reguladoras aprobadas por Resolución de 5 de abril de 2011 que rexerán estas axudas.

#### **7(47).-GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2011. EXPTE. 22582/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Novembro-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

#### **8(48).-COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2011. EXPTE. 22583/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de 11.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:



Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Novembro de 2011, e que ascenden a un total de 1.164,80 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**9(49).-COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2011. EXPTE. 22584/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de 11.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega no expediente que comeza por don Javier Fernández Riveiro e remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 127'12 euros, correspondente ao mes de Novembro de 2011 con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**10(50).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2011. EXPTE. 22590/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de 11.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Novembro-2011 e que ascenden a un total 611'00 € (SEISCENTOS ONCE EUROS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**11(51).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2011. EXPTE. 22589/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de 11.01.12, e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 15.12.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Novembro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	462,30	57,12	519,42
Policía Local	Novembro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	42.983,85	26.675,04	69.658,89
Parque Central	Novembro	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	952,74	734,40	1.687,14
Parque Móbil	Novembro	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	1.025,10	771,80	1.796,90
Extinción Incendios	Novembro	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén	4.659,18	1.047,20	5.706,38
Cemiterios	Novembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.389,94	0,00	2.389,94
Montes, Parques e Xardíns	Novembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.254,98	734,40	1.989,38
Electromecánicos	Set/Out/Nov	De Arias Rodríguez, Dámaso	258,29	1.094,12	1.352,41
Desinfección	Novembro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
IMD	Novembro	De Rodríguez Presas, Julio	145,72	0,00	145,72
Cultura	Novembro	De Ramón Vázquez Martínez	8,04	0,00	8,04
Limpeza	Novembro	De Hermida Sanmartín, Juan José	184,92	353,60	538,52
Conserxería	Maio a Outu	De Vázquez Álvarez, Rosa T a Vaqueiro Herbelló, M <sup>a</sup> Teresa	214,25	18,17	232,42
Estadística	Novembro	De Pérez Dasilva, Eduardo a López Moure, Jesús	2.572,80	272,00	2.844,80
Museo	Novembro	De Ogando López, José Manuel a González Bello,	262,32	0,00	262,32

		Andrés			
	TOTALES		57.567,39	31.931,93	89.499,32

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 89.499,32 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**12(52).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XULLO E NOVEMBRO 2011. EXPTE. 22600/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, de 11.01.12, e de acordo co informe-proposta xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Medio Ambiente	De Andrés Hervada Ventín	Xullo-2011	61,56
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a José A. Rodríguez Souto	Xullo-2011	209,00
Parque Móbil	De José L. Amoedo Moreira a Florentino Prieto Domínguez	Xullo-2011	99,15
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Xullo-2011	238,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Xullo-2011	116,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Novembro-2011	170,00
Extinción Incendios	De Manuel Aguirre Rodríguez a Rubén Veiga García	Novembro-2011	1.159,00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Xullo-2011	15,00
Policia Local (Xulgado)	De Jesús I. Abalde Casanova a Juan G. Vivero Mijares	Novembro-2011	1.072,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijero	Novembro-2011	1.120,00
Parque Móbil (Limpeza)	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Xullo-2011	102,00
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Federico Rodríguez Prieto	Xullo-2011	207,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Xullo-2011	44,00
Conserxería	De Rosa Teresa Vázquez Álvarez	Xullo-2011	9,02
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a	Xullo-2011	207,00

	Rodrigo Rodríguez Rocha		
Mobilidade, Transporte e Seguridade	De José Ramón Alonso González a José Bancelos González	Xullo-2011	58,00
Estadística (eleccións)	De Manuel Aballe González a Ramón Vidal Macia	Xullo-2011	4.101,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 86.686,85 €.

**13(53).- PROPOSTA CONTRATACIÓN, EN RÉXIME LABORAL FIXO, CON CARGO A 27 PRAZAS VACANTES DE AXUDANTE DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22724/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 17.01.12, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a contratación en réxime laboral fixo con cargo a vinteseite prazas vacantes de axudante de oficios os seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios e obtiveron as máximas puntuacións nas probas selectivas de que consistiu esta oposición, segundo proposta do órgano de selección contida nas actas de 19 de outubro e 26 e decembro de 2011:

- D. ANGEL FERRO MANCHO, DNI nº 36.072.730-J, (pola quenda de promoción interna), que obtivo un total de 21,740 puntos.
- D. JOSE MANUEL GUTIÉRREZ LUIS, DNI nº 36.154.364-C, (pola quenda libre-reserva de discapacitados), que obtivo un total de 15,942 puntos.
- D. DAVID CAPELO GONZÁLEZ, DNI nº 35.321.860-R, que obtivo un total de 19,633 puntos.
- D. OSCAR GARCÍA ALONSO, DNI nº 53.190.058-M, que obtivo un total de 19,567 puntos.
- D. JOSÉ ENRIQUE ALONSO IGLESIAS, DNI nº 36.159.274-P, que obtivo un total de 19,400 puntos.
- D. OSCAR SEVILLA VALCARCEL, DNI nº 53.174.156-L, que obtivo un total de 19,367 puntos.
- D. ROBERTO ÁLVAREZ DÍAZ, DNI nº 36.054.406-C, que obtivo un total de 19,100 puntos.
- D<sup>a</sup>. ELSA QUINTELA GONZÁLEZ, DNI nº 36.059.874-Z, que obtivo un total de 19,100 puntos.
- D<sup>a</sup>. LUCÍA PORTOMEÑE CORREIA, DNI nº 33.348.860-X, que obtivo un total de 19,075 puntos.
- D. GONZALO FERNÁNDEZ MONJE, DNI 39.451.484-K, que obtivo un total de 19,067 puntos.
- D. SANTIAGO FERNÁNDEZ PIAY, DNI nº 36.098.605-J, que obtivo un total de 18,892 puntos.
- D. SEVERINO SÁNCHEZ DOMÍNGUEZ, DNI nº 34.981.981-Q, que obtivo un total de 18,967 puntos.

- D. DAVID CONDE CASTRO, DNI nº 36.154.872-E, que obtivo un total de 18,833 puntos.
- D<sup>a</sup>. PALMIRA SIGNO MARTÍNEZ, DNI nº 36.109.250-D, que obtivo un total de 18,733 puntos.
- D<sup>a</sup>. LIDIA M<sup>a</sup>. RIVEIRO CEA, DNI nº 36.106.357-Z, que obtivo un total de 18,600 puntos.
- D<sup>a</sup>. SONSOLES OTERO FERNÁNDEZ, DNI nº 36.091.721-Y, que obtivo un total de 18,600 puntos.
- D. ADRIAN MARTÍNEZ PÉREZ, DNI nº 39.452.617-G, que obtivo un total de 18,533 puntos.
- D. IGOR BAHILLO ELESPP, DNI nº 77.001.911-G, que obtivo un total de 18,480 puntos.
- D. FRANCISCO JOSÉ RODRÍGUEZ BARBOSA, DNI nº 77.001.814-E, que obtivo un total de 18,433 puntos.
- D. CARLOS IGLESIAS FERREIRA, DNI nº 34.944.808-B, que obtivo un total de 18,325 puntos.
- D. ENRIQUE GUILLÁN ANDREY, DNI nº 36.105.005-L, que obtivo un total de 18,267 puntos.
- D. LINO FERNÁNDEZ PAZ, DNI Nº 36.101.212-K, que obtivo un total de 18,233 puntos.
- D. ADRIAN GONZÁLEZ PEREIRA, DNI nº 53.193.456-E, que obtivo un total de 18,233 puntos.
- D. JUAN CARLOS GONZÁLEZ VILA, DNI nº 36.112.402-X, que obtivo un total de 17,900 puntos.
- D<sup>a</sup>. SONIA M<sup>a</sup>. IGLESIAS PARENTE, DNI nº 36.141.485-K, que obtivo un total de 17,855 puntos.
- D. LUIS MANUEL GONZÁLEZ PORTAL, DNI nº 53.188.252-Q, que obtivo un total de 17,800 puntos.
- D. IGNACIO ROMÁN LAGO, DNI nº 36.136.431-G, que obtivo un total de 17,667 puntos.

No que respecta a D. José Manuel Gutiérrez Luis, D. Santiago Fernández Piay, D. Igor Bahillo Elespp e D. Juan Carlos González Vila, toda vez que non obtiveron unha puntuación mínima dun punto na proba de Idioma oficial da Comunidade Autónoma -Galego-, deberán participar no primeiro curso de lingua galega que realice a Administración Autonómica co fin de obter a debida capacitación, de conformidade coas bases xerais que rexen a convocatoria e a proposta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011.

Os/ás aspirantes nomeados/as deberán ser contratados/as en réxime laboral fixo no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato de traballo cos/coas interesados/as de acordo co establecido no R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, con carácter fixo e en réxime de dedicación exclusiva a tempo

completo.

Terceiro.- O presente acordo notifíquese aos/ás interesados/as, Servizo de Recursos Humanos, (Organización e Planificación de RR.HH.), Xefe da Area de Servizos Xerais, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Cuarto.- Unha vez sexan formalizadas ditas contratacións, deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuíño de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto no real Decreto Lexislativo 2/2005, do 7 de abril, do Texto refundido da Lei de Procedemento Laboral”

#### **14(54).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA “U.A.V-A/B PERI IV-05 ARAGÓN-TRAVESÍA DE VIGO”. EXPTE. 4922/401.**

Dáse conta do informe da técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 30.12.11 que di o seguinte:

##### **ANTECEDENTES**

*I. Con data 08.01.2008 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (DOC. 80002057) unha instancia asinada por D. Juan Arbones, en representación da Xunta de Compensación da «U.A. V-A/B PERI IV-05 ARAGÓN-TRAV. DE VIGO», pola que achegaba documentación de final de obra para unir ao expediente 4222/401, tendente á recepción definitiva das obras de urbanización do ámbito de referencia.*

*O citado exp. 4222/401 correspóndese co do Proxecto de urbanización da citada unidade de actuación, aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo por acordo de 20.09.2001, redactado polo arquitecto D. José M Alonso Ogando e con visados colexiais de 10.05.2000 (memoria), 29.06.2001 (orzamento) e 21.08.2000 (anexo á memoria), con estudo de seguridade e saúde visado o 08.05.2000.*

*II.- O 17.04.2009, a Xunta de Compensación presentou no rexistro (DOC. 90055947) un escrito ao que xuntaba un xogo de planos e o certificado de final de obra, visado o 27.02.2008.*

*Por escritos de 30.11.2011 (DOC. 110153795) e de 14.12.2011 (DOC. 110160156), o arquitecto D. José Alonso Ogando e a Xunta de Compensación presentaron, respectivamente, un certificado de que as obras foran executadas conforme ao proxecto expedido o 09.06.2008 polo arquitecto director das obras, e un orixinal da acta de recepción das obras, levantada o 09.06.2008, coas rúbricas do presidente da Xunta de Compensación, do arquitecto e do contratista-adxudicatario.*

III.- O 16.12.2011 o Director adxunto dos Servizos Técnicos da XMU emitiu informe favorable á recepción definitiva das obras de urbanización de referencia, indicando que non existe inconveniente dende o punto de vista do planeamento.

IV.- O 16.12.2011 remítese o expediente 4922/401 ao técnico de administración xeral que subscribe para emitir o informe que proceda en Dereito, acompañado de copia do exp. 4222/401 (PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.E. 5-A/B DO PERI IV-05 TRAVESIA DE VIGO ARAGÓN) e a seguinte documentación técnica:

- carpeta rotulada como “ejemplar ayuntamiento 2” do proxecto de urbanización, visado o 10.05.2000, coa indicación marxinal “ejemplar corregido”
- carpeta rotulada como “ejemplar ayuntamiento 1” do proxecto de urbanización, visado o 10.05.2000, coa indicación marxinal “ejemplar no corregido”
- carpeta do estudio de seguridade e saúde para urbanización da rúa Aragón n.º 83 ao 113, con visado colexial de 08.05.2000
- carpeta rotulada como “documentación final de obra” do proxecto de urbanización, datada a decembro de 2007, que contén planos visados o 07.01.2008
- carpeta rotulada como “documentación final de obra” do proxecto de urbanización (por duplicado) datada a febreiro de 2008, que contén planos visados o 27.02.2008 e o 15.04.2009

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; BOE n.º 276, de 16.11.2011 (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de

maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 14.09.2009; BOP n.º 222, de 17.11.2009
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- En data 16.12.2011 o Director adxunto dos Servizos Técnicos da XMU informou o seguinte:

“ Mediante escrito de fecha 08/01/08 la Junta de Compensación solicita la recepción definitiva de las obras de urbanización de la Unidad de Actuación V – A/B del PERI IV-05 ARAGON-TRVA. DE VIGO

Las obras corresponden a las descritas en el Proyecto de Urbanización U.A. V – A/B del PERI IV-05 ARAGON-TRVA. DE VIGO ( Exp – 4222/401 ) aprobado definitivamente por acuerdo de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fecha 20/02/01, y que a su vez desarrollaba las determinaciones del Estudio de Detalle U.A. V – A/B del PERI IV-05 ARAGON-TRVA. DE VIGO ( Exp – 5038/411 ) aprobado definitivamente por acuerdo plenario del 29/11/99, y del Estudio de Detalle Modificado U.A. V – A/B del PERI IV-05 ARAGON-TRVA. DE VIGO ( Exp – 7657/411 ), a su vez aprobado definitivamente por acuerdo plenario del 30/09/02.

Con la solicitud que se cita, se acompañan los informes favorables de los distintos departamentos municipales, Montes, Parques y Jardines, Electromecánicos, Limpieza y OSPIO, así como de las de diversas compañías de servicios con instalaciones en el ámbito del PERI, Union Fenosa, Gas Natural, Telefonica, R Cable y Comunicaciones y Aqualia.

Se adjunta también Acta de Recepción de las obras por parte de la Junta de Compensación, Informe del Director de las obras, planos del estado final de la ejecución de las obras, copia de las cesiones incluidas en el Proyecto de Compensación, y reportaje fotográfico.



*Desde el punto de vista del planeamiento no existe inconveniente en acceder a lo solicitado.”*

*2.- Consta no expediente informe da enxeñeira técnica de obras públicas de 16.11.2011, no que se fai constar que realizadas as visitas de inspección ás obras de urbanización, as obras de pavimentado adáptanse sensiblemente ao descrito no proxecto de urbanización, así como que os materiais empregados se axustan ás normas de aplicación.*

*Indica así mesmo que a aprobación do proxecto de urbanización é anterior á entrada en vigor do Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada, polo que estima que non é de aplicación a esixencia da presentación dos resultados de ensaios de control de calidade para a recepción das obras.*

*Por informe de igual data, a enxeñeira técnica de obras públicas relaciona e xunta os seguintes informes favorables:*

- Informe de Telefónica de 02.06.2009 (DOC. 90085675), no que indica que a execución se realizou conforme ao Proxecto Técnico de Telefónica de España, segundo o convenio suscrito entre a xunta de Compensación e Telefónica o 16.05.2002*
- Informe de R Cable y Telecomunicaciones Galicia, de 15.06.2009 (DOC. 90094991), no que indica que as obras de canalización de telecomunicacións se atopan finalizadas de acordo coa Normativa Técnica e indicacións desa compañía*
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de 21.06.2009, indicando que as instalacións do alumeado público da obra de referencia cumpren a normativa técnica vixente (en especial, o RD.842/2002, do 02.08.2002 –REBT-, o Regulamento municipal regulador das instalacións de alumeado público) e que se axustan ao descrito no proxecto e as modificacións aprobadas polo Servizo.*
- Informe de Gas Galicia SDG, de 17.06.2009, indicando que as probas de estanqueidade realizadas ás súas instalacións de gas natural obtiveron un resultado favorable*
- Informe de Aqualia – Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga, de 24.06.2009 (DOC. 90096973), no que indican que foron corrixidas as anomalías observadas no abastecemento e saneamento, salvo vicios ocultos*
- Informe de Unión Fenosa, de 29.06.2009 (DOC. 90099493), indicando que as instalacións son as correspondentes ao exp. n.º 241105060211, e que están realizadas seundo os planos que acompaña e que ao día da data están terminadas, en servizo e coas pertinentes autorizacións administrativas*
- Informe do Servizo de Limpeza, de 10.11.2011, indicando a corrección de todos os aspectos competencia dese Servizo*
- Informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 27.11.2011, informando que as obras se axustan ao esixido por ese Departamento*

*3.- O art. 110.5 da LOUGA dispón que a recepción polo Concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas e que, para o caso de que a Administración non resolva expresamente sobre ela no prazo de tres meses, contado desde que se inste a recepción, abondará co ofrecemento formal de cesión das mesmas pola persoa responsable da execución, para os efectos de entendelas recibidas.*

4.- Na actualidade, o art. 235 do TRLCSP preceptúa que á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato (se existise) ou un facultativo designado pola Admón. representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

5.- Se as obras se atopasen en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daralas por recibidas, redactándose a correspondente acta e comezando entón a contar o prazo de garantía que, en principio, non poderá ser inferior a un (1) ano. Durante ese prazo de garantía, o propietario coídará da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que periguen as mesmas, executaranse pola Administración e a custa do contratista os traballos precisos para evitar o dano (art. 167 RX-TRLCAP). No suposto de vicios ocultos na obra, o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos (art. 236 TRLCSP).

6.- Tal como se ven manifestando reiteradamente nos informes dos servizos xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión, as normas sobre contratación administrativa, ás que se remite a LOUGA, non contemplan a necesidade de adoptar un acordo municipal expreso para recibir formalmente obras de urbanización como as de referencia, esixíndose unicamente a redacción dunha Acta asinada polo funcionario técnico da Administración contratante e un representante desta na que se constate que as obras están en bo estado e son conformes co proxecto aprobado.

7.- A recepción das obras de urbanización é unha decisión marcadamente técnica e, no senso exposto, o Director adxunto dos Servizos Técnicos da XMU emitiu o 16.12.2011 informe favorable á recepción definitiva das incluídas neste proxecto. Polo que antecede, non procede formular proposta xurídica ningunha, realizándose a proposta de recepción das obras en cuestión polo propio Director dos Servizos Técnicos da XMU, dando cumprimento así tamén ó disposto no art. 172 do RD.2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

8.- De estimarse oportuno adoptar acordo con base na proposta técnica mencionada que se efectúe, o órgano competente para pronunciarse sería a Xunta de Goberno Local (art. 127.1 LRBRL), previa a súa consideración polo Consello de Xerencia da XMU (art. 10.1.j] dos Estatutos da XMU).

Así mesmo, dáse conta da proposta do director dos Servizos técnicos, por autorización, o director adxunto, do 2.01.12, que di o seguinte:

#### PROPOSTA

Proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Recíbanse as obras de urbanización do «PROXECTO DE URBANIZACIÓN U.A. V-A/B DO PERI IV-05 ARAGÓN-TRAV. DE VIGO», promovido pola Xunta de Compensación da U.A. V-A/B DO PERI IV-05 ARAGÓN-TRAV. DE VIGO, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local de 20.09.2001, redactado polo arquitecto D. José M Alonso Ogando, con visados colexiais con visados colexiais de 10.05.2000, 21.08.2000 e 29.06.2001.

**SEGUNDO:** Déase traslado do acordo de recepción definitiva á Xunta de Compensación, e aos servizos municipais de Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura,

*Parque se Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transportes e Seguridade, Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras (OSPIO), e ás empresas AQUALIA, UNIÓN FENOSA, TELEFÓNICA, GAS GALICIA, e R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA.*

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 13.01.12, acorda someter a precedente proposta á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o seguinte:

PRIMEIRO: Recíbanse as obras de urbanización do «PROXECTO DE URBANIZACIÓN U.A. V-A/B DO PERI IV-05 ARAGÓN-TRAV. DE VIGO», promovido pola Xunta de Compensación da U.A. V-A/B DO PERI IV-05 ARAGÓN-TRAV. DE VIGO, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local de 20.09.2001, redactado polo arquitecto D. José M Alonso Ogando, con visados colexiais con visados colexiais de 10.05.2000, 21.08.2000 e 29.06.2001.

SEGUNDO: Déase traslado do acordo de recepción definitiva á Xunta de Compensación, e aos servizos municipais de Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parque se Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transportes e Seguridade, Servizo de Licenzas de obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras (OSPIO), e ás empresas AQUALIA, UNIÓN FENOSA, TELEFÓNICA, GAS GALICIA, e R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA.

#### **15(55).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR POLO SERVIZO DA OMIC DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2011. EXPTE. 1292/302.**

Mediante providencia de data 3.01.12, en cumprimento coa base 31ª das bases xerais do presuposto, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude dá conta á Xunta de Goberno local do expediente de contrato menor tramitado no Servizo da OMIC durante o mes de decembro de 2011, que é o seguinte:

1270/302. Contrato menor servizos para Producción Arte Final Logo concellería.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das

disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**16(56).- RECURSO PRESENTADO POR D. EDUARDO REJO PORTELA EN REPRESENTACIÓN DO SINDICATO CSI-CSIF CONTRA A OEP 2008, CON SOLICITUDE DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS CAUTELARES. EXPTE. 22733/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.01.12, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*1.- En escrito de data 14/12/2011 (documento nº 110160273) D. Eduardo Rejo Portela, con DNI 35.322.573-R, en nome e representación da organización sindical CSI-CSIF, presenta escrito de impugnación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, solicitando, entre outros aspectos, a anulación da mesma e, con carácter cautelar e subsidiario, a suspensión dos acordos de nomeamento de funcionarios/as de carreira e persoal laboral con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo incluídas na citada Oferta de Emprego Público 2008.*

*2.- O citado escrito foi remitido ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 16/12/2011, aos efectos do indicado no oficio de remisión incorporado ao presente expediente administrativo.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- Primeiramente, debe sinalarse que o escrito impugnatorio presentado non indica a natureza ou tipoloxía do recurso administrativo cuxa interposición se desexa.*

*Da lectura detida do mesmo tampouco se deduce con claridade o acto administrativo obxecto de recurso, caracterizado por unha acentuada nota de confusión na redacción do mesmo, limitándose a aportar un elevado grado de detalle na relación fáctica exposta (de carácter múltiple e diverso) como da argumentación xurídica invocada e susceptible de aplicación a xuízo do recorrente, incumpríndose así as esixencias legais en canto aos requisitos formais e materiais preceptuados pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) para a presentación dos recursos administrativos (con carácter xeral, artigo 107 da Lei, e artigos 116 e 117 en canto aos requisitos específicos esixibles ao recurso potestativo de reposición); en concreto, o apartado 1, letra b) do artigo 110 da norma invocada, que esixe a expresión do acto que se recorre e a razón da súa impugnación.*

*No presente suposto, non existe máis identificación do acto recorrido que a solicitude xenérica de que “se proceda a la anulación de la a Oferta de Empleo Público, ano 2008” contida no folio 8, parágrafo primeiro in fine do escrito.*

*Como dato fundamental para a resolución do presente suposto, debe considerarse que a Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2008 foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2008, sendo en todo caso éste o acto administrativo susceptible de ser considerado -efectuando unha interpretación ampla da vontade do recorrente- como acto administrativo obxecto do recurso, debendo afirmar que a reclamación plantexada, de ser considerada formalmente como recurso administrativo, tería carácter extemporáneo, por ter sido presentada fora do prazo legalmente establecido para a súa impugnación en vía administrativa (1 mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación, efectuada no DOG do 17/11/2010); motivo polo cal procedería a súa inadmisión.*

*Nembargantes o antedito, dada a relevancia contida no fondo do asunto, e en aras de garantir o interese xeral, as expectativas lexítimas de dereitos dos administrados, así como os intereses lexítimos e suxeitos ao ordenamento xurídico da Administración Municipal de Vigo, procede efectuar o estudo do recurso presentado, entendendo o mesmo como recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2008, con pronunciamento expreso sobre o fondo do asunto plantexado, dado que a propia Lei procedimental sinala que os recursos administrativos deberán considerarse tales, a pesares do erro na calificación do mesmo, cando deles se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 110.2 Lei 30/1992).*

*Adicionalmente, consta unha solicitude de suspensión do nomeamento de funcionarios/as e persoal laboral fixo con cargo ás prazas ofertadas; solicitude de suspensión que non se corresponde estrictamente coa suspensión da execución do acto impugnado contida no artigo 111 da Lei 30/1992 sinalada; así, dito precepto contempla que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante dita precisión, o órgano a quen compete resolver o recursos, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaríase ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causaríase ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran as causas previstas na lei –parágrafo 2, apartados a) e b) do precepto invocado-.*

*No escrito presentado non se solicita a suspensión da execución do acto impugnado, senón de potenciais actos administrativos subseguintes ou derivados, motivo polo cal resultaría de aplicación a consideración de tal petición de suspensión como unha solicitude de adopción de medidas provisionais ou cautelares no marco dun procedemento administrativo iniciado a instancia de parte, nos termos do contemplado no artigo 72 da Lei 30/1992.*

*II.- A secuencia lóxica da análise do recurso de reposición presentado levaría a estruturar a avaliación do contido do mesmo en dúas partes:*

*a) Motivos de recurso plantexados e procedencia ou improcedencia de estimación dos mesmos.*

*b) Solicitude de adopción de medidas cautelares e procedencia ou improcedencia de estimación da mesma.*

*a) Motivos de recurso plantexados e procedencia ou improcedencia de estimación dos mesmos.*

*A redacción do recurso presentado, tal e como xa se avanzou, non se caracteriza pola claridade e concisión no relato fáctico nin na argumentación xurídica invocada; contrariamente,*

*realízase un exercicio literario que contén notas de hemeroteca, citación de redes sociais de carácter virtual, alusión a circunstancias persoais e mención a declaracións de contido político, entre outros aspectos de diferente índole, que en pouco ou nada contribúen a dotar de rigor á impugnación presentada.*

*Segundo contempla o artigo 103.1 da vixente Constitución de 1978, as Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan dacordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con pleno sometemento á Lei e ao Dereito. Tal concepción constitucional implica, entre outros aspectos, que a actuación administrativa esté suxeita á legalidade vixente e ao marco xurídico xeral na súa actuación.*

*Esta suxeición ao marco xurídico xeral resulta ser, precisamente, a que impide que grande parte dos motivos de recurso plantexados podan ser considerados e admitidos, toda vez que non se procede a un relato de feitos certos, reais nin susceptibles de seren obxecto de proba; así, as mencións a titulares de prensa ou artigos de opinión non poden nin deben ter cabida no proceso de razoamento xurídico, dado que a veracidade, rigor e axuste á realidade das consideracións diariamente contidas na prensa resulta, en moitas ocasións, escasamente frecuente.*

*Igual afirmación pode efectuarse con respecto ás conversas, amizades ou afinidades nas redes sociais virtuais, toda vez que a veracidade das mesmas non resulta doadamente contrastable sin intromisión na esfera privada dos afectados/as, vulnerando de ser o caso o dereito constitucional ao segredo das comunicacións recoñecido polo artigo 18.3 da vixente CE 1978 e, conseguintemente, a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación, podendo igualmente existir supostos de suplantación e/ou falsidade nas identidades virtuais, apropiación ou uso non autorizado de perfís virtuais e demais incidencias de índole tecnolóxica que non permitirían concluir con total garantía a autenticidade do manifestado ou actuado nas citadas redes.*

*As intervencións ou declaracións efectuadas por cargos públicos, calquera que sexa a adscripción política dos mesmos, tampouco poden nin deben ser motivos nin argumentos fácticos suficientes ou adecuados para a estimación dun recurso administrativo, dado que o propio artigo 9.3 da Constitución garantiza o principio de legalidade e consagra expresamente a interdicción da arbitrariedade no funcionamento dos poderes públicos.*

*En similar senso, ao longo do corpo do escrito realízanse unha serie de afirmacións en relación a circunstancias persoais e relacións de amizade, parentesco ou de outra índole de aspirantes e/ou membros dos órganos de selección, relacionadas moi estreitamente cos dereitos fundamentais á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe garantizados polo artigo 18.1 da vixente Constitución. A este respecto –e sen prexuízo da carga de enfrentamento persoal que subxace nas manifestacións verquidas, con citación nominativa expresa contida no texto literal- debe manifestarse que as causas de abstención e recusación dos membros dos órganos Colexiados –aplicable aos órganos de selección de persoal- están contidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, non constando que por parte da organización sindical impugnante se teña promovido incidente algún en vía administrativa ou xudicial ao respecto (por concorrencia de parentescos, amizades íntimas ou enemizadas manifestas, entre outras causas) nin presentado recurso administrativo ou alegación algunha por tal motivo, con independencia da obvia responsabilidade persoal de índole administrativa e penal que concorriría en cada un dos membros dos órganos de selección nos supostos de*

*incumprimento das súas obrigas esenciais legalmente previstas, na dobre condición de funcionario/a de carreira e de integrante dun órgano colexiado de carácter administrativo.*

*Por idénticos motivos de carencia de virtualidade xurídica, tampouco pode servir de sustento fáctico nin legal a invocación de desencontros, rivalidades e ausencia de cohesión e entendemento das diferentes organizacións sindicais invocadas ao longo da páxina 2, que en todo caso, deberían ser resoltas nos marco das relacións entre as mesmas a nivel interno e interinstitucional, e non mediante a utilización de foros públicos de concorrencia masiva, como son os procesos selectivos de persoal nas Administracións Públicas, onde en ocasións atopan eco informacións non axustadas á realidade.*

*Polo que respecta ás manifestacións das irregularidades presuntamente cometidas, non se aporta pola parte recorrente proba, documento ou testemuña algunha que sustente mínimamente o relato fáctico realizado, máis aló das notas de prensa citadas e de alusións a presuntas actuacións de aspirantes a título colectivo ou individual, o cal produce que de novo a parte recorrente se adentre no terreo da arbitrariedade nas afirmacións efectuadas, que en ningún caso servirían para desmontar a presunción iuris tantum de legalidade dos procesos selectivos realizados. Con respecto a tal punto, debe afirmarse que as numerosísimas alegacións presentadas en vía administrativa nos diversos procesos selectivos teñen sido tramitadas, informadas e resoltas por parte dos correspondentes Secretarios/as dos órganos de selección, que na súa condición de Técnicos/as de Administración Xeral do Concello de Vigo ou funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, desempeñaron as súas funcións con total adicación e dende a óptica da obxectividade e imparcialidade que se lle presume a todo funcionario público.*

*As queixas presentadas por aspirantes ou organizacións sindicais perante outras institucións, como o Valedor do Pobo de Galicia, teñen sido debidamente informadas e tramitadas, proporcionándosele ao citado órgano a información demandada en armonía cos procedementos administrativos ao efecto seguidos.*

*Corresponde velar polas garantías dos procesos selectivos a cada un dos órganos de selección concretos, entre as que se atopa a garantía do anonimato invocado pola parte recorrente; a tal efecto, efectúase unha remisión expresa ao informe emitido pola Secretaria dos órganos de selección convocados para a provisión das prazas de subalterno e auxiliares de Administración Xeral en data 22.11.2011, do cal se incorpora copia ao expediente administrativo, e no cal se contén referencia aos procedementos adoptados para garantir debidamente o anonimato indicado.*

*A alusión ao informe emitido pola funcionaria suscribinte en relación á composición dos órganos de selección e á posibilidade de participación da representación sindical dos empregados públicos nos mesmos resulta estar, como a práctica totalidade do texto do recurso, interesadamente interpretada e totalmente descontextualizada; o referido informe, emitido en data 06.10.2011, xa que no mesmo únicamente se afirmaba que “existe unha dúbida xurídica razoable ao respecto da participación nos órganos de selección daqueles empregados/as públicos municipais que reúnan as condicións citadas (ostentar a condición de delegado/a sindical a tempo parcial ou total, ou ben a condición de representante sindical non electo que teña sido designado como tal polos órganos de representación de persoal normativamente previstos) tras a celebración das eleccións sindicais correspondentes ao período 2011-2015, con datas de remate dos procesos electorais de 31/05/2011 -eleccións a representantes do persoal funcionario, segundo copia da acta de eleccións con nº de rexistro na autoridade laboral 652/11- e de 29/06/2011 –eleccións a representantes do persoal laboral, segundo copia da acta de eleccións con nº de rexistro na autoridade laboral 36-836/11-.*

*Tal dúbida xurídica debe ser debidamente solventada con carácter previo á adopción de acordo estimatorio ou desestimatorio da suspensión da execución do acto impugnado (acordo da Xunta de Goberno Local de 09/09/2011) considerando que a Lei esixe a resolución expresa no prazo de 30 días contados dende a entrada da solicitude de suspensión no rexistro xeral.”*

*Lémbrese que no citado informe se sinalaba igualmente que “sempre se sostivo que a participación dos funcionarios/as municipais nos órganos de selección de persoal debería respectar estrictamente a legalidade establecida, igualmente no que respecta á ausencia de participación a título “sindical” ou representativo de intereses colectivos ou corporativistas; a sensu contrario, enténdese que nada impediría que calquera funcionario/a municipal, no exercicio das súas funcións como tal, e sempre en tanto participe responsablemente a título individual, con plena imparcialidade e obxectividade, en base aos criterios de especialidade técnica e cualificación profesional, cumprindo os requisitos esixidos ao efecto, con pleno respecto ao marco constitucional e legal establecido, poda ser designado como membro dun órgano de selección de persoal, con independencia das súas afinidades políticas ou sindicais.*

*Interpretar o contrario sería tanto como cuestionar apriorísticamente a imparcialidade e obxectividade predicable e esixible a todo empregado/a público municipal, interferindo na esfera do dereito fundamental á liberdade ideolóxica constitucionalmente contemplado no artigo 16.1 da vixente Constitución de 1978 e á non discriminación por razóns ideolóxicas ou de pensamento contido no artigo 14 da mesma norma, dado que ninguén está obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía (artigo 16.2 CE).*

*Non obstante dito matiz, e coas lóxicas cautelas en canto á tutela e garantía dos invocados dereitos fundamentais, debe terse presente que o feito de ostentar a condición de delegado/a sindical -a tempo parcial ou total-, ou ben a condición de representante sindical non electo que teña sido designado como tal polos órganos de representación de persoal normativamente previstos, constitúe unha circunstancia pública e notoria, derivada das candidaturas electorais ás eleccións sindicais de cada Administración Pública –recentemente celebradas na Administración Municipal de Vigo- que podería ser susceptible de cuestionar, dende unha óptica xurídica, a participación a título estrictamente individual daquelas persoas incursas na citada condición, debendo igualmente facerse constar que na Administración Municipal de Vigo os membros dos órganos de selección son nomeados pola Xunta de Goberno Local no uso das atribucións legais recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e non polos sindicatos nin polos órganos de representación do persoal.”*

*Como consecuencia de tal argumentación, e ante a dúbida xurídica indicada, por parte do órgano competente procedeuse á designación de novos órganos de selección en acordo de data 21.10.2011. Consta igualmente informe do técnico de planificación e organización de data 07.11.2011, emitido a petición desta Xefatura do Servizo, e no cal literalmente se di que:*

*“En contestación a dilixencia da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 7 de novembro actual, en referencia a alegación presentada pola sección sindical de CCOO deste Concello en referencia ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011, polo que se procedeu a substitución de diferentes membros/as integrantes de órganos de selección de diferentes procesos selectivos contidos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, infórmase o seguinte:*



Nas bases xerais da convocatoria que rexen os procedementos selectivos incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, na súa base oitava, apartado 1º, refléxase literalmente :

#### *“8.1. Composición*

*“O órgano de selección das probas selectivas terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros/as, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, así como os respectivos suplentes, designados polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.*

*A composición dos órganos de selección será predominantemente técnica. Todos/as os/as membros/as deberán contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Non poderá formar parte o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.”*

*A referida base oitava, modifícase respecto das prazas de persoal laboral respecto do número de vogais, que pasa de tres a seis.*

*Ditas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de maio de 2010, e conseguíntes rectificacións en datas 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, publicadas no DOG de 17 de novembro de 2010, non téndose producido alegación ningunha respecto a este punto.*

*A Xunta de Goberno Local, en data 9 de setembro de 2011, aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos, datas correspondes ao primeiro e exercicio e a designación dos componentes dos órganos de selección das prazas de Administrativo/a de Admón. Xeral, Subalterno/a, Técnico/a Auxiliar de Seguridade, Programador/a Informática, Inspector/a Auxiliar de Medio Ambiente, Operador/a de Informática, Oficial Conductor/a, Oficial Carpinteiro/a, Oficial Pavimentador/a, Oficial Electricista, Oficial Sepultureiro/a, Auxiliar Administración Xeral e Axudante de Oficinas, segundo o contido da Instrución do concelleiro delegado de data 2 de setembro anterior, tal e como se recolle nas bases xerais anteriormente citadas.*

*Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011, foron substituídos/as varios membros/as integrantes dos órganos de selección dos procesos selectivos correspondentes a prazas de administrativo/a e auxiliar de admón. Xeral, subalterno, inspector auxiliar de medio ambiente e axudante de oficinas, incluídas todas elas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.*

*Infórmase así mesmo que se pudo verificar documentalmente que tódolos/as membros/as dos órganos de selección que figuran no referido acordo da Xunta de Goberno Local contan con titulación igual ou superior a esixida para o acceso a cada unha das prazas ofertadas, coa salvedade da vogal 3ª suplente para o tribunal de administrativo/a de admón. Xeral, Dª. Amelia Aragunde Martínez, actualmente Xefa de Negociado por Concurso, que aínda que está integrada no subgrupo C1 de titulación como Administrativa de Administración Xeral por acordo do Pleno da Excm. Corporación Municipal de data 8 de novembro de 1988, ao cumprir os requisitos esixidos na Disposición Transitoria 2ª.1.b) do Real Decreto 689/75, segundo interpretación realizada pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 7/6/1985, non constando no seu expediente persoal que esté en posesión do título de Bacharelato Superior ou equivalente. Ditos Órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, actuando con independencia e discrecionalidade técnica nas súas actuacións, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como a transparencia dos procesos selectivos.*

*Respecto dos novos vogais nomeados nos referidos procesos selectivos, infórmase que todos eles/elas cumpren co principio de especialidade técnica esixida nas bases, en canto*

*a titulación que posúen, como ampla experiencia demostrada no exercicio das súas funcións como empregados/as públicos/as. Así podemos destacar que nos tribunais de persoal administrativo/auxiliar de admón xeral, os/as novos/as membros/as son administrativos e xefes de negociado, nos tribunais de persoal subalterno (administrativos/as, auxiliares e ordenanzas), no tribunal de inspector auxiliar de medio ambiente (analista de laboratorio, inspector de urbanismo e, enxeñeiro-técnico industrial, e no tribunal de axudante de oficios (capataz e oficiais de oficios dos distintos servizos municipais.)*

*Por último, significar que segundo obrantes no Servizo de Recursos Humanos, os/as novos/as membros dos órganos de selección nomeados no referido acordo da Xunta de Goberno Local ao que se refire o presente informe non teñen na actualidade a condición de delegados sindicais a tempo total o parcial.”*

*En consecuencia, tampouco cabe a invocación de presuntas irregularidades en tal aspecto.*

*Para rematar, debe salientarse a existencia dunha capital e obvia confusión na parte recorrente con respecto á categoría do persoal eventual e o sistema de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de carreira que constitúe a libre designación; confusión que debe ser debidamente solventada.*

*O persoal eventual ou de confianza vén legalmente configurado como aquel que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, sólo realiza funcións expresamente calificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para tal fin (artigo 12.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril).*

*Dita figura, coñecida na tradición administrativista española como “funcionarios de emprego” segundo a terminoloxía empregada pola Lei de Funcionarios Cívís do Estado de 1964 e procedente de normativa preconstitucional anterior, está especificamente prevista para o desempeño daquelas funcións de asesoramento especial (de índole extrafuncionarial, por tanto) e en ningún suposto pode interferir no desenvolvemento dos procedementos administrativos conforme ao marco legal vixente.*

*A participación do persoal eventual nos órganos de selección está expresamente prohibida polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, motivo polo cal, como pode observarse, non existe ningún membro dos órganos de selección que dispoña de tal condición.*

*Figura ben distinta é a dos funcionarios/as de carreira adscritos a postos de traballo contemplados para ser provistos polo sistema de libre designación, que o recorrente parece descoñecer, producíndose a confusión indicada ao longo do folio 6, onde literalmente se cuestiona a imparcialidade e obxectividade dos xefes/as do servizo nomeados por Alcalde ou Concelleiro.*

*Para solventar tal confusión, déixase constancia expresa de que a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contempla a totalidade dos postos de traballo que teñan asignado o nivel de complemento de destino 26 ou superior como postos a provistar polo sistema de libre designación; previsión que debería coñecer a parte recorrente con detalle e en profundidade, na súa condición de parte lexitimada para a negociación colectiva ex artigos 31 e seguintes da Lei 7/2007, do 12 de abril, sendo os sistemas de provisión de postos de traballo materia obxecto de negociación colectiva nos termos do apartado 37.1, c) da mesma norma.*

*En consecuencia, debe realizarse un exercicio de responsabilidade pola parte recorrente cumprindo debidamente a súa obriga legal de participar na vida administrativa consonte aos principios establecidos legalmente (legalidade, cobertura orzamentaria, publicidade, transparencia e, en especial, boa fe negocial) e evitar a realización de afirmacións que non só non se corresponden coa realidade, senón que cuestionan a obxectividade e imparcialidade de funcionarios/as de carreira da Administración Municipal de Vigo, que ingresaron na mesma tras a superación de procesos selectivos de concorrencia competitiva segundo os principios de igualdade, mérito e capacidade, e que por motivos de organización interna desempeñan as súas funcións en réxime de libre designación, e dos cales as referencias que se efectúan á “confianza” deben ser entendidas dende a óptica da lealdade institucional, xurídica e administrativa (única esixible aos funcionarios de carreira), reservando a “confianza” entendida como afinidade ou lealdade política para o persoal eventual, xa que tal connotación está vedada ás actuacións profesionais que se proxecten nas funcións normais da Administración Pública (vid. STS de 7 de marzo do 2008 (LA LEY 13134/2008, 13135/2008 e 13136/2008), STS do 28 de marzo do 2008 (LA LEY 2104/2008 e 21041/2008); STS do 25 de abril do 2008 (LA LEY 32078 e 32079/2008); do 23 de maio do 2008 (LA LEY 61879/2008) e de 6 de outubro do 2008 (LA LEY 148182/2008 e 148183/2008).*

*Polo que respecta á solicitude de constitución dunha “comisión especial de investigación”, e sen prexuízo de que unha decisión a tal respecto corresponde ao Goberno Municipal, debe salientarse que non existen máis instancias revisoras das actuacións dos órganos de selección que os xulgados e tribunais de xustiza, nin máis titulares da potestade xurisdiccional de xulgar e executar o xulgado, nos termos do disposto no artigo 117 da vixente Constitución de 1978, Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, e normativa de concordante aplicación.*

*Como precisión adicional, sinalar que os funcionarios/as con habilitación de carácter estatal desempeñan funcións tasadas e a favor das cales existe unha reserva legal ao respecto (V. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Decreto autonómico 49/2009, do 26 de febreiro, e normativa específica aplicable), non incluíndose entre as mesmas a tutela ou revisión de actuacións dos órganos de selección.*

*Por toda a motivación exposta, así como pola ausencia de proba veraz sustentadora dos feitos expostos, os argumentos da parte recorrente deben ser desestimados.*

*Solicitude de adopción de medidas cautelares e procedencia ou improcedencia de estimación da mesma.*

*Como xa se sinalou no fundamento xurídico I, as Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.*

O artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, contempla (apartados 1, 3 e 4) que:

*"1. Iniciado el procedimiento, el órgano administrativo competente para resolverlo, podrá adoptar, de oficio o a instancia de parte, las medidas provisionales que estime oportunas para asegurar la eficacia de la resolución que pudiera recaer, si existiesen elementos de juicio suficiente para ello.*

*(.....)*

*3. No se podrán adoptar medidas provisionales que puedan causar perjuicio de difícil o imposible reparación a los interesados o que impliquen violación de derechos amparados por las leyes.*

*4. Las medidas provisionales podrán ser alzadas o modificadas durante la tramitación del procedimiento, de oficio o a instancia de parte, en virtud de circunstancias sobrevenidas o que no pudieron ser tenidas en cuenta en el momento de su adopción.*

*En todo caso, se extinguirán con la eficacia de la resolución administrativa que ponga fin al procedimiento correspondiente."*

*No presente suposto, e dado que a execución da Oferta de Emprego Público 2008 foi efectuada en diferentes fases, articuladas a través de convocatorias independentes, estando a práctica totalidade dos efectivos de novo ingreso nomeados, non constando que se teña solicitado pola parte recorrente en vía administrativa a adopción de medidas cautelares en relación con cada unha das convocatorias efectuadas, nin proba suficiente e válida da vulneración dos principios constitucionais de acceso ao emprego público indicados, a medida solicitada carecería do requisito fundamental do carácter previo, dado que a secuencia temporal concorrente impide a adopción de cautelas a posteriori. Non concorren, por tanto os requisitos legais esixibles e motivadores da adopción da medida cautelar solicitada, segundo o precepto invocado.*

*Motivo polo cal debe desestimarse a solicitude de adopción de medidas cautelares.*

*III.- En consecuencia, vistas as competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local, recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal (competencias delegadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 13/06/2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Eduardo Rejo Portela, con DNI 35.322.573-R, en nome e representación da organización sindical CSI-CSIF en escrito de data 14/12/2011 (documento nº 110160273), contra a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 30.12.2008, por estar presentado fora do prazo legalmente establecido ao efecto, e de conformidade cos informes técnicos e xurídicos emitidos e aqueles referenciados e/ou transcritos no informe-proposta que antecede.*

*Segundo.- Desestimar a solicitude de adopción de medidas cautelares tendentes a suspender o nomeamento de funcionarios/as de carreira e persoal laboral fixo con cargo a prazas vacantes contidas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, solicitada por D. Eduardo Rejo Portela, con DNI 35.322.573-R, en nome e representación da organización sindical CSI-CSIF, en escrito de data 14/12/2011 (documento nº 110160273), por non*

*concorrer o suposto legal preceptuado no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e de conformidade co informe-proposta que antecede.*

*Notifíquese o presente acordo aos interesados/as aos efectos oportunos, dispoñendo a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello, significándolle que contra o mesmo únicamente poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(57).- RECTIFICACIÓN DE ERRO DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 16.12.11, SOBRE PRODUTIVIDADE AO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 22706/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 16.01.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno local na súa sesión de data 16 de decembro de 2011, acordou proceder ao outorgamento dun complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento, polo importe contido no cadro adxunto, e polas cantidades que se relacionan para cada un deles, correspondentes ao 2011, a petición do suboficial do SEIS, contida en informe de data 14 de decembro de 2011 e polas cantidades consignadas no mesmo así como aprobar e comprometer o gasto por importe total de 98.305.05€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” do orzamento do ano 2011.*

*A cantidade resultante do sumatorio dos importes referenciados no informe ascenden a 134.693,38 €, polo que existe unha diferenza de 36.388,33 €, entre o total aprobado e a suma das cantidades propostas para cada un dos empregados referenciados.*

*Considerando, nos termos do art. 105.2 da lei 30/92 de 26 de novembro, que a rectificación dun acto ou acordo administrativo corresponde ao mesmo órgano que o adoptou, e considerando que a competencia para a aprobación das retribucións do persoal municipal corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e previa a preceptiva fiscalización pola Intervención Xeral, proponse a adopción do seguinte ACORDO:*

1.- Rectificar de oficio o erro aritmético detectado no acordo de data 16/12/2011 en canto ás retribucións concepto de produtividade ao servizo de Extinción de incendios, no senso de que onde dicía por importe total de 98.305,05€. debe dicir por importe total de 134.693,38 euros.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda rectificar de oficio o erro aritmético detectado no acordo de data 16.12.11 nos termos expostos no precedente informe.

### **18(58).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA PARA REFORZAR O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 1407/334.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, conformado polo concelleiro de Deportes e Normalización Lingüística, que di o seguinte:

*O DOG do 4 de xaneiro (núm. 3) recolle a publicación da Orde do 16 de decembro de 2011 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.*

*No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe a... "incorporación de máis persoal técnico, mediante a súa contratación, a un servizo lingüístico xa existente na data de publicación desta convocatoria".*

*O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).*

*Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.2 (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación. páx. 3 da citada orde).*

*Na actualidade, o SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana.*

*Esta orde de convocatoria de subvencións ábreunos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento ao permitirnos poder contratar unha persoa para o servizo, que permitiría un desenvolvemento máis acaído para este SNL e desenvolver verbo do perfil da persoa que pode ser contratada, a propia orde xa o establece (art. 5), dándoselle prioridade á licenciatura en galego, galego-portugués e/ou o requisito do Celga 5.*

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"A aprobación da solicitude de subvención, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para reforzar o SNL (contratación de persoal técnico para o SNL por un total de 12 meses) por un total de 45.000 euros."

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(59).- INSTRUCCIÓN 1/2012 PARA REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS SUBCOEFICIENTES DE PONDERACIÓN ENTRE OS USOS PORMENORIZADOS CORRESPONDENTES AO USO GLOBAL RESIDENCIAL. Expte. 13576/411.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*I.- O 13.12.2011, a proposta da Xerente de Urbanismo, a Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos ditou unha resolución pola que se encomendaba á Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo a redacción dunha Instrucción para a revisión dos subcoeficientes de ponderación de usos pormenorizados residenciais nos instrumentos de equidistribución.*

*Xustifícase a adopción da citada Resolución nos seguintes termos:*

*«I.1. 1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do 10/09/2009.*

*I.2. Transcorridos algo máis de dous anos desde a aprobación definitiva completa do PXOM, comézanse a detectar certas dificultades na aplicación das súas determinacións e normativas relativas á execución do planeamento, momento no que os propietarios do solo cumprimentan os seus deberes urbanísticos de cesión, equidistribución e urbanización.*

*I.3 Débese ter en conta que o artigo 107 da LOUGA precisa que as finalidades da xestión urbanística deben ser: garantir a execución do planeamento, o reparto equitativo das cargas e beneficios derivadas do planeamento e establece-las vías para garantir que a comunidade participe nas plusvalías que xera a habilitación de solo para usos urbanísticos.*

I.4. O obxectivo principal da equidistribución debe ser que no momento da asignación efectiva de aproveitamentos se produza unha distribución xusta, segundo o principio de igualdade entre tódolos propietarios do polígono.

I.5. Na Memoria Xustificativa do PXOM de Vigo, e aos únicos efectos do cálculo do aproveitamento tipo esixido pola LOUGA no artigo 53.h como determinación propia e así mesmo para a xustificación da viabilidade económica dos ámbitos coa introducción da reserva de vivenda de protección, levouse a cabo un estudio de mercado dos valores inmobiliarios actualizado no ano 2007.

I.6. Nas ordenacións detalladas (AOD e SOD) de ámbitos de solo urbano non consolidado (APR en SUNC) e solo urbanizable delimitado ( S de SUBleD), calculáronse coeficientes de subponderación dos usos pormenorizados utilizados en cada unha destas ordenacións, que expresaron as diferencias relativas entre os valores de ditos usos pormenorizados, referidos igualmente a dito estudo de mercado do ano 2007.

I.7. É evidente que o mercado inmobiliario, referido fundamentalmente ao uso residencial e aos valores relativos entre vivendas libres e vivendas acollidas a algún réxime de protección, experimentou entre o ano 2007 e nosos días variacións importantes que poden orixinar que a aplicación daqueles coeficientes na situación actual podan orixinar atribucións inxustas no instrumento de equidistribución.

I.8. Nese senso débese ter en conta, tamén, que tanto o texto refundido da Lei do Solo do Estado RDL 2/2008 como o recente Regulamento de Valoracións de dita lei (RD 1492/2011) afectan á comprobación das operacións de reparto de beneficios e cargas, encamiñadas a unha distribución xusta e equilibrada de beneficios e cargas no momento ao que se deben realizar as valoracións , é dicir ao momento da execución do planeamento.»

II.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en atención á facultade estatutaria de control da actividade dos órganos superiores da XMU conferida polo art. 10.3 dos vixentes Estatutos, tomou coñecemento da citada Resolución na súa sesión ordinaria de 30.12.2011.

III.- En atención á encomenda efectuada, a Oficina de Planeamento e Xestión redactou con data 09.01.2012 o documento denominado “Instrución 1/2012: procedemento para a fixación dos subcoeficientes de ponderación do uso global residencial das áreas de reparto do Plan Xeral no caso de falta de acordo entre os afectados polo proceso de equidistribución”, co contido que logo se dirá.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Real decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo; BOE n.º 270, de 09.11.2011 (RVLS)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 221, de 15.09.1978 (RPU)



- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*
- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

## II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Constitúe o obxecto do presente expediente a elaboración dunha instrución para a revisión dos subcoeficientes de ponderación de usos pormenorizados residenciais nos instrumentos de equidistribución, labor encomendada á Oficina de Planeamento e Xestión pola Resolución da Concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de 13.12.2011 relacionada no expositivo primeiro dos Antecedentes do presente informe-proposta.*

2.- *As instrucións configúranse pola xurisprudencia e doutrina como instrumentos escritos que proporcionan criterios de actuación administrativa, que non teñen efectos directos sobre os cidadáns nin os Tribunais por non tratarse de normas regulamentarias con eficacia externa, xa que obedecen unicamente á regulación do funcionamento interno da Administración sobre a base do principio de xerarquía recollido no art. 103.1 da Constitución Española e 3.1 da Lei 30/1992 (entre outras, STS 21.06.2006, LA LEY 77207/2006; STSX de Castela-A Mancha de 27.03.1999, LA LEY 11922/1999).*

*En palabras do Tribunal Supremo (Sentenza de 12.12.2006, parágrafo décimo quinto do Fundamento de Dereito Cuarto LA LEY 175953/2006), as instrucións e ordes de servizo son “[...] expresiones de mero poder administrativo doméstico si bien trascendente dada la finalidad que cumplen de impartir directrices que aseguren un funcionamiento coherente en el seno de una organización administrativa determinada.”*

3.- A instrución elaborada pola Oficina de Planeamento e Xestión, datada a 09.01.2012 ven precedida dun informe técnico redactado pola arquitecta municipal Xefa de Planeamento e Xestión, que seguidamente se transcriben:

«I. ANTECEDENTES:

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo foi aprobado definitivamente por Ordes da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 16 de maio de 2008 e de 13 de Xullo de 2009.

É determinación do Plan Xeral, segundo se recolle no artigo 53 da LOUGA, a fixación dos coeficientes de ponderación. Estes coeficientes de ponderación teñen que necesariamente referirse aos usos globais, xa que, como se recolle artigo 55 2.b) para solo urbano non consolidado e no artigo 57 1.e) para o solo urbanizable delimitado, o Plan Xeral asigna a estas clases de solo, pendentes dun desenvolvemento posterior, usos globais.

O PXOM de Vigo distingue cinco usos globais: Residencial, Terciario Comercio, Terciario Xeral, Dotacional e Industrial. Tódolos usos pormenorizados que logo recolle o Plan están encadrados dentro dalgún destes usos globais. Os coeficientes de ponderación sempre se refiren a un destes cinco usos globais. Ao uso global característico, ou maioritario, na zona se lle asigna a unidade, e os outros coeficientes expresan a relación de valor entre o uso de que se trate e o característico.

Nas fichas dos distintos ámbitos de solo urbano non consolidado e de solo urbanizable delimitado reflíctense os usos globais que o Plan prevé para cada ámbito ou sector e os coeficientes de ponderación correspondentes aos usos globais asignados polo PXOM.

Dentro do uso global residencial atópanse diferentes tipoloxías de vivenda e tamén con diferentes prezos de venda, este é o caso das vivendas que van ter o prezo de venda limitado ou taxado, é dicir as chamadas vivendas de protección. Estas vivendas de protección van a estar unidas necesariamente a un réxime concreto, dentro dos tres posibles que fixa o IGVS para a promoción privada. Os tres réximes, a día de hoxe, son: Especial, Xeral e Concertada. Cada réxime ten un prezo de venda diferente, e polo tanto o valor de repercusión en solar vai a ser diferente.

Tamén o Plan Xeral incorporou a ordenación detallada dalgúns ámbitos e sectores. Neste caso sinaláronse uns coeficientes de sub-ponderación para corrixir, a efectos de equidistribución, a diferenza de valor entre tipoloxías edificatorias concretas e entre as parcelas para vivenda libre ou vivenda protexida. No caso das parcelas adicadas a vivendas de protección non se lle asignou ningún réxime concreto, deixando esta decisión posposta ao momento da equidistribución.

No caso das ordenacións detalladas contidas no PXOM, nas memorias xustificativas, no apartado denominado “PONDERACIÓN ENTRE USOS PORMENORIZADOS” se recollen uns sub-coeficientes cuxa finalidade é servir para a futura distribución das edificabilidades residenciais.

Estes sub-coeficientes de ponderación foron determinados a partir da relación dos valores residuais en solar e das porcentaxes dos diferentes tipos de edificabilidades concretadas na ordenación detallada.

II. VALORES DO PXOM.

O PXOM vixente contén un documento de carácter económico denominado “Estudio da Posibilidade de Introducción da Reserva do 40% de Vivenda Protexida en tódolos

ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable, garantindo a súa rendibilidade e equilibrio” (EPI40%VP), este documento figura como anexo da Memoria Xustificativa.

Como se indica no seu título, neste estudo se analizan tódolos sectores de solo urbanizable delimitado e os ámbitos de solo urbano non consolidado, desde o punto de vista da súa rendibilidade económica. O anexo II do EPI40%VP contén unhas táboas nas que se van determinando os valores de repercusión en solar para cada uso global e para cada ámbito ou sector. No caso do uso global residencial o valor de repercusión en solar se deduce da mestura entre vivenda colectiva libre, vivenda colectiva protexida, vivenda unifamiliar libre e vivenda unifamiliar protexida, cada grupo de vivendas segundo a porcentaxe prevista no ámbito ou sector (hai ámbitos que poden ter os catro grupos ou só un). De aí se deduce un valor de repercusión en solar do uso global residencial.

Como xa se expuxo, no caso das ordenacións detalladas, aparecen recollidos uns subcoeficientes de ponderación para cada tipo de uso residencial. Se sumamos os resultados do produto destes subcoeficientes polas edificabilidades proxectadas de cada un dos grupos, nos dá a edificabilidade total, de xeito que o coeficiente de ponderación do uso global non varía.

Estes subcoeficientes foron obtidos no seu momento cos valores de repercusión en solar recollidos na táboa do Anexo II do EPI40%VP. Estes valores foron calculados no cuarto trimestre do ano 2007, momento no que foi elaborado o EPI40%VP. Os valores dos que se parte e a metodoloxía empregada para a determinación dos valores de repercusión en solar está detallada no propio documento.

Temos que ter en conta que o EPI40%VP ten como obxectivo realizar unha valoración da rendibilidade de 385 ámbitos e sectores do Plan Xeral e avaliar o equilibrio entre áreas de reparto, polo tanto, a escala de traballo é a de un Plan Xeral.

A diferente evolución dos prezos da vivenda libre e da vivenda protexida, unida ao feito de que no EPI40%VP o valor de repercusión en solar da vivenda protexida recolle unha mestura de réximes (sería imposible determinar a escala de Plan Xeral que réxime vai ser escollido no momento da equidistribución) fai que en casos, o reparto de edificabilidades derivado destes valores estea a producir algunha desigualdade na atribución dos aproveitamentos, provocando unha falta de acordo entre os suxeitos afectados.

Catro anos despois da realización do EPI40%VP e da redacción das ordenacións detalladas xorden, nalgún caso, por parte de promotores e propietarios de solo discrepancias respecto do resultado da aplicación destes sub-coeficientes contidos nas ordenacións detalladas que obrigan, cando menos, a unha reflexión sobre este aspecto crucial no proceso de desenvolvemento e execución do planeamento, en tanto que a finalidade que se debe perseguir é a xusta distribución de beneficios e cargas.

Por unha banda, o valor da vivenda protexida incrementouse desde o ano 2007, especialmente no caso da vivenda de réxime concertado, e por outra, aínda que xa no EPI40%VP, estaba prevista una baixada do prezo da vivenda libre, que foi recollida nos valores de repercusión en solar, a concreción do prezo, dependendo das tipoloxías edificatorias, dos ámbitos ou sectores, ou do momento, pode repercutir no reparto de edificabilidades nas áreas de reparto do PXOM. Debe terse en conta que os sub-coeficientes o que están a reflectir é unha relación de valores entre os distintos produtos inmobiliarios e que esta relación está suxeita ás fluctuacións do mercado da vivenda libre e ás variacións dos prezos máximos de venda das vivendas de protección fixados pola Xunta de Galicia.

A elección do réxime concreto de protección (co correspondente prezo máximo en venda no momento da equidistribución) e o cálculo do valor da vivenda libre, nas súas

diferentes tipoloxías, nun ámbito concreto, poden arrojar uns valores de repercusión en solar diferentes aos calculados no PXOM , polo tanto, a relación entre estes valores tamén pode variar, sendo necesario o axuste dos sub-coeficientes de xeito que se asegure unha xusta distribución de beneficios e cargas.

### III. LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN:

Para abordar este aspecto da execución do planeamento recorreremos fundamentalmente ao establecido na lexislación estatal, RDLex2/2008 de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo en materia de valoracións, e o establecido para a execución do planeamento na Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

O Título III de Valoracións do RDLex 2/2008 de 20 de xuño, no seu artigo 21.1.a) sinala como ámbito de aplicación a verificación das operacións de reparto de beneficios e cargas ou outras precisas para a execución da ordenación territorial e urbanística. No artigo 21 indícase:

“Las valoraciones del suelo, las instalaciones, construcciones y edificaciones, y los derechos constituidos sobre o en relación con ellos, se rigen por lo dispuesto en esta Ley cuando tengan por objeto:

- La verificación de las operaciones de reparto de beneficios y cargas u otras precisas para la ejecución de la ordenación territorial y urbanística en las que la valoración determine el contenido patrimonial de facultades o deberes propios del derecho de propiedad, en defecto de acuerdo entre todos los sujetos afectados”.

E no que atinxe ao momento ao que deben estar referidas as valoracións:

“Las valoraciones se entienden referidas:

a) Cuando se trate de las operaciones contempladas en la letra a) del apartado anterior, a la fecha de iniciación del procedimiento de aprobación del instrumento que las motive”.

Tanto no RDLex 2/2008, como na LOUGA é constante a referencia á equidistribución de beneficios e cargas, polo tanto a lexislación de aplicación nestes casos prohibe unha distribución de beneficios (e cargas) inxusta ou non equilibrada.

Así se establece, por exemplo, na LOUGA, no artigo 4. Fins da actividade urbanística: b) Impedi-la desigual atribución dos beneficios e cargas do planeamento entre os propietarios afectado e impoñe-la xusta distribución deles”; e o artigo 7 no seu apartado 2.”...Os afectados terán, non obstante, dereito a distribución equitativa de beneficios e cargas derivados do planeamento nos termos previstos nesta lei”

As referencias á xusta distribución son múltiples tanto na lexislación estatal como na lexislación autonómica.

A valoración do solo e as técnicas de valoración son competencia estatal, polo que acudiremos ao Título III do RDLex2/2008 de 20 de xuño e ao RD 1492/2011 de 24 de outubro, regulamento de valoracións.

### IV. FIXACIÓN OU ACTUALIZACIÓN DOS SUB-COEFICIENTES DE PONDERACIÓN DOS TIPOS DE VIVENDA.

O PXOM determina os coeficientes de ponderación entre usos globais e polo tanto do que trata esta instrución non é da modificación destes coeficientes, que entendemos seguen vixentes.

Dentro do uso global residencial, como xa se explicou, englobanse produtos inmobiliarios diferentes e con diferentes valores en venda, polo tanto con valores residuais diferentes, pódese tratar de tipoloxías diferentes (bloque illado, cuarteirón pechado, vivendas unifamiliares illadas, pareadas, acaroadas, etc) ou vivendas con diferente prezo de venda (libres ou protexidas de diferentes réximes). Polo que á hora de distribuír as edificabilidades correspondentes ás parcelas de resultado dun proxecto de equidistribución teremos que avaliar economicamente a relación entre os diferentes valores de repercusión en solar derivados do destino edificatorio destas parcelas de resultado.

No caso das ordenacións detalladas xa aprobadas, nas que se ofrecen uns sub-coeficientes correspondentes ao uso global residencial, poderá optarse pola utilización dos sub-coeficientes da propia ordenación detallada. Esta utilización requirirá do acordo unánime dos suxeitos afectados. No caso de que algunha das persoas ou administracións implicadas no proceso de equidistribución manifestase o seu desacordo con estes sub-coeficientes, será necesario o seu axuste ou actualización, de modo que as edificabilidades a adxudicar se valoren conforme ao seu valor actualizado, e que cos novos sub-coeficientes calculados con estes valores, se acade unha distribución xusta de beneficios.»

#### «INSTRUCCIÓN 1/2012 PARA A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS SUB-COEFICIENTES DE PONDERACIÓN ENTRE OS USOS PORMENORIZADOS CORRESPONDENTES AO USO GLOBAL RESIDENCIAL.

1. Os sub-coeficientes de homoxeneización nos que se desagrega o coeficiente de ponderación do uso global residencial, correspondentes aos diferentes produtos inmobiliarios resultantes, serán actualizados ou determinados polos Servizos Técnicos Municipais, en concreto pola Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo. Os valores residuais en solar, dos que logo se deducen os sub-coeficientes, tamén serán calculados e fixados polos técnicos municipais, dacordo coa lexislación estatal vixente en materia de valoracións.

2. Os valores residuais en solar serán utilizados para a determinación dos sub-coeficientes que sirvan para homoxeneizar o valor das edificabilidades a repartir entre os titulares de dereitos do polígono. A relación entre estes valores e a porcentaxe de edificabilidade a correspondente a cada tipo de edificabilidade residencial serán os datos de partida para o cálculo destes subcoeficientes:

O método será:  $E_{TR} = e_1 \cdot c_1 + e_2 \cdot c_2 + e_3 \cdot c_3 + \dots + e_n \cdot c_n$

$c_1 / c_2 = VR_1 / VR_2$      $c_1 / c_3 = VR_1 / VR_3$     .....     $c_1 / c_n = VR_1 / VR_n$

onde:

$E_{TR}$ : Edificabilidade total residencial da área de reparto.

$e_n$ : edificabilidade do tipo “n”

$c_n$ : sub-coeficiente do tipo “n”

$VR_n$ : valor residual en solar da edificabilidade tipo “n”.

3. Os técnicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión trasladarán á Xunta de Compensación, ou propietarios e persoas afectadas pola equidistribución, os valores

residuais en solar das parcelas de resultado e do valor residual medio do uso global residencial, aos efectos da súa consideración no proxecto de equidistribución. Tamén se darán traslado dos sub-coeficientes calculados.

4. No caso das áreas de reparto nas que se delimiten varios polígonos o cálculo ten que referirse necesariamente á totalidade da área de reparto. Tamén será necesario realizar os cálculos para cada un dos polígonos como comprobación de que as diferenzas do aproveitamento entre polígonos estean dentro no permitido pola lexislación urbanística (art.123.3 LOUGA).

5. O momento do axuste (ou determinación, no caso de que non estivesen previamente calculados) destes valores e dos subcoeficientes será o da redacción do proxecto de equidistribución ou proxecto de compensación, xa que a lei estatal indica que o momento ao que se deben referir estas valoracións é o da aprobación inicial do instrumento de equidistribución. Nese momento será necesario precisar a que réxime de protección se van a adicar as parcelas con vivenda protexida. O único obxectivo perseguido co axuste ou actualización será o de acadar unha xusta distribución das edificabilidades resultantes ou impedir a desigual atribución de beneficios. Tamén isto se refire ao 10% do aproveitamento municipal de cesión obrigatoria.

6. No caso de planeamentos de desenvolvemento (plans parciais, plans de reforma interior, etc.) poderá acudirse aos valores de repercusión en solar recollidos no PXOM no EPI40%VP, ou calcular uns novos sub-coeficientes que en todo caso estarán xustificadas e serán revisados polos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo que, en todo caso, poderán ofrecer unha alternativa que se axuste mellor aos valores correspondentes ao momento de que se trate. No apartado correspondente se indicará que estes sub-coeficientes son indicativos e poderán ser revisados, actualizados ou corrixidos, no momento da equidistribución, co obxectivo de acadar unha xusta distribución das edificabilidades resultantes.

7. Para a determinación dos valores residuais en solar das parcelas de resultado se aplicarán as normas de valoración vixentes no momento do cálculo. Actualmente estas normas se recollen no RDLex2/2008 texto refundido da lei de solo e RD1492/2011 Regulamento de Valoracións. Tal e como se recolle na normativa estatal, o método para o cálculo do valor residual en solar será o método residual estático e tal como se define no Capítulo IV do RD1492/2011, concretamente o establecido no artigo 27 e 22 do Regulamento (ou normativa que a substitúa).

8. Ademais do axuste ou a determinación dos sub-coeficientes de ponderación, os valores residuais calculados se utilizarán cando sexa necesario monetarizar as edificabilidades a adxudicar por insuficiencia de dereitos (propietarios que lle corresponda unha edificabilidade inferior ao 15% da parcela mínima sinalada polo planeamento de desenvolvemento que se executa) ou diferenzas de adxudicación, no caso que non exista acordo entre os suxeitos afectados.

9. Co obxecto de que se poidan calcular e facilitar os sub-coeficientes ás Xuntas de Compensación ou propietarios dun ámbito, no momento da redacción do proxecto de equidistribución, deberán solicitar á Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), o axuste ou actualización dos sub-coeficientes á realidade económica existente. A solicitude de reaxuste deberá facerse no momento no que se prevea a presentación próxima do proxecto de equidistribución para aprobación inicial. A xunta de compensación poderá solicitar o cálculo dos sub-coeficientes cando obteña a dispoñibilidade do 100% dos terreos do ámbito. No caso das ordenacións detalladas xa aprobadas, nas que os afectados manifesten o seu acordo unánime cos sub-

*coeficientes calculados, non será necesaria a revisión destes. Neste sentido a xunta de compensación dará traslado á Oficina de Planeamento e Xestión de dito acordo da xunta de compensación.*

*10. A validez destes sub-coeficientes é de 6 meses, polo que, se pasado este prazo o proxecto de equidistribución non acadara a aprobación inicial, deberá ser comprobada a validez pola Oficina de Planeamento e Xestión da XMU.*

*11. Co obxecto de poder acadar uns valores residuais en solar e uns sub-coeficientes axeitados para os seus obxectivos, deberá a Xunta de Compensación, ou propietarios e afectados pola equidistribución, sinalar á Oficina de Planeamento e Xestión o réxime de protección ao que se van a adicar as parcelas destinadas a vivenda protexida.»*

*4.- Polo que respecta ao órgano competente para o ditado da Instrución, os Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo recollen entre as potestades administrativas propias do organismo autónomo o ditado de instrucións e ordes de servizo de réxime interno (art. 2.3.a).*

*Porén, e en atención ao seu contido, toda vez que a Instrución prefixa criterios técnicos municipais con incidencia sobre os instrumentos de equidistribución, cuxa aprobación corresponde á Xunta de Goberno Local ex. art. 127.1.d) da LBRL, corresponde o ditado da Instrución á propia Xunta de Goberno Local, órgano superior xerárquico na tramitación dos expedientes en que se dará oportuno cumprimento ao contido da instrución.*

*En atención ao disposto con carácter xeral no art. 10.1.j) dos Estatutos da XMU, corresponde ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo elevar á Xunta de Goberno Local a proposta de resolución que se formulará.*

*5.- Os instrumentos de equidistribución requiren como requisito de eficacia a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, polo que sen prexuízo de que a Instrución cuxa aprobación se proporá non é unha norma xurídica regulamentaria, resulta procedente a súa publicación en atención ao disposto no art. 21 da Lei 30/1992 que establece que cando se estime conveniente por razón dos destinatarios ou dos efectos que poidan producirse as instrucións e ordes de servizo serán obxecto de publicación no periódico oficial que corresponda.*

*Tal publicación constitúe así mesmo un exercicio de boas prácticas, informado polos principios de transparencia na xestión, boa fe e confianza lexítima, recollidos no art. 3 da Lei 30/1992, en relación co art. 103 da Constitución Española.”....*

De seguido os asinantes formulan á Xunta de Goberno local a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 19.01.12, acordou someter a referida proposta á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a «Instrución 1/2012, de 9 de xaneiro, para a revisión e actualización dos sub-coeficientes de ponderación entre os usos pormenorizados

correspondentes ao uso global residencial», elaborada pola Oficina de Planeamento e Xestión, cuxo texto literal se inserta a continuación.

SEGUNDO: Ordenar a publicación do contido íntegro da Instrución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo, e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

*INSTRUCCIÓN 1/2012 PARA A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DOS SUB-COEFICIENTES DE PONDERACIÓN ENTRE OS USOS PORMENORIZADOS CORRESPONDENTES AO USO GLOBAL RESIDENCIAL.*

1. Os sub-coeficientes de homoxeneización nos que se desagrega o coeficiente de ponderación do uso global residencial, correspondentes aos diferentes produtos inmobiliarios resultantes, serán actualizados ou determinados polos Servizos Técnicos Municipais, en concreto pola Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo. Os valores residuais en solar, dos que logo se deducen os sub-coeficientes, tamén serán calculados e fixados polos técnicos municipais, dacordo coa lexislación estatal vixente en materia de valoracións.
2. Os valores residuais en solar serán utilizados para a determinación dos sub-coeficientes que sirvan para homoxeneizar o valor das edificabilidades a repartir entre os titulares de dereitos do polígono. A relación entre estes valores e a porcentaxe de edificabilidade a correspondente a cada tipo de edificabilidade residencial serán os datos de partida para o cálculo destes subcoeficientes:

O método será:  $E_{TR} = e_1 c_1 + e_2 c_2 + e_3 c_3 + \dots + e_n c_n$

$c_1 / c_2 = VR_1 / VR_2$      $c_1 / c_3 = VR_1 / VR_3$     .....     $c_1 / c_n = VR_1 / VR_n$

onde:

$E_{TR}$ : Edificabilidade total residencial da área de reparto.

$e_n$ : edificabilidade do tipo "n"

$c_n$ : sub-coeficiente do tipo "n"

$VR_n$ : valor residual en solar da edificabilidade tipo "n".

3. Os técnicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión trasladarán á Xunta de Compensación, ou propietarios e persoas afectadas pola equidistribución, os valores residuais en solar das parcelas de resultado e do valor residual medio do uso global residencial, aos efectos da súa consideración no proxecto de equidistribución. Tamén se darán traslado dos sub-coeficientes calculados.
4. No caso das áreas de reparto nas que se delimiten varios polígonos o cálculo ten que referirse necesariamente á totalidade da área de reparto. Tamén será necesario realizar os cálculos para cada un dos polígonos como comprobación de que as diferenzas do aproveitamento entre polígonos estean dentro no permitido pola lexislación urbanística (art.123.3 LOUGA).
5. O momento do axuste (ou determinación, no caso de que non estivesen previamente calculados) destes valores e dos subcoeficientes será o da redacción do proxecto de equidistribución ou proxecto de compensación, xa que a lei estatal indica que o momento ao que se deben referir estas valoracións é o da aprobación inicial do instrumento de equidistribución. Nese momento será necesario precisar a que réxime de protección se van a adicar as parcelas con



vivenda protexida. O único obxectivo perseguido co axuste ou actualización será o de acadar unha xusta distribución das edificabilidades resultantes ou impedir a desigual atribución de beneficios. Tamén isto se refire ao 10% do aproveitamento municipal de cesión obrigatoria.

6. No caso de planeamentos de desenvolvemento (plans parciais, plans de reforma interior, etc.) poderá acudirse aos valores de repercusión en solar recollidos no PXOM no EPI40%VP, ou calcular uns novos sub-coeficientes que en todo caso estarán xustificadas e serán revisados polos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo que, en todo caso, poderán ofrecer unha alternativa que se axuste mellor aos valores correspondentes ao momento de que se trate. No apartado correspondente se indicará que estes sub-coeficientes son indicativos e poderán ser revisados, actualizados ou corrixidos, no momento da equidistribución, co obxectivo de acadar unha xusta distribución das edificabilidades resultantes.
7. Para a determinación dos valores residuais en solar das parcelas de resultado se aplicarán as normas de valoración vixentes no momento do cálculo. Actualmente estas normas se recollen no RDLex2/2008 texto refundido da lei de solo e RD1492/2011 Regulamento de Valoracións. Tal e como se recolle na normativa estatal, o método para o cálculo do valor residual en solar será o método residual estático e tal como se define no Capítulo IV do RD1492/2011, concretamente o establecido no artigo 27 e 22 do Regulamento (ou normativa que a substitúa).
8. Ademais do axuste ou a determinación dos sub-coeficientes de ponderación, os valores residuais calculados se utilizarán cando sexa necesario monetarizar as edificabilidades a adxudicar por insuficiencia de dereitos (propietarios que lle corresponda unha edificabilidade inferior ao 15% da parcela mínima sinalada polo planeamento de desenvolvemento que se executa) ou diferenzas de adxudicación, no caso que non exista acordo entre os suxeitos afectados.
9. Co obxecto de que se poidan calcular e facilitar os sub-coeficientes ás Xuntas de Compensación ou propietarios dun ámbito, no momento da redacción do proxecto de equidistribución, deberán solicitar á Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), o axuste ou actualización dos sub-coeficientes á realidade económica existente. A solicitude de reaxuste deberá facerse no momento no que se prevea a presentación próxima do proxecto de equidistribución para aprobación inicial. A xunta de compensación poderá solicitar o cálculo dos sub-coeficientes cando obteña a dispoñibilidade do 100% dos terreos do ámbito. No caso das ordenacións detalladas xa aprobadas, nas que os afectados manifesten o seu acordo unánime cos sub-coeficientes calculados, non será necesaria a revisión destes. Neste sentido a xunta de compensación dará traslado á Oficina de Planeamento e Xestión de dito acordo da xunta de compensación.
10. A validez destes sub-coeficientes é de 6 meses, polo que, se pasado este prazo o proxecto de equidistribución non acadara a aprobación inicial, deberá ser comprobada a validez pola Oficina de Planeamento e Xestión da XMU.
11. Co obxecto de poder acadar uns valores residuais en solar e uns sub-coeficientes axeitados para os seus obxectivos, deberá a Xunta de Compensación, ou propietarios e afectados pola equidistribución, sinalar á Oficina de Planeamento e Xestión o réxime de protección ao que se van a adicar as parcelas destinadas a vivenda protexida.»

**20(60).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.